

MESA SECTORIAL DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2020

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE APROBA O CALENDARIO ESCOLAR PARA O CURSO 2020-2021 NOS CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

A Administración educativa comeza explicando que presenta o borrador de Orde do Calendario escolar sen facer grandes modificacións con respecto a anos anteriores e sen entrar en aspectos organizativos como nunca entra. Tamén aclara que están pendentes de situar os festivos autonómicos xa que non está publicado o calendario laboral da Comunidade Autónoma, ao igual que pasou o ano pasado e que motivou que houbera finalmente problemas para poder cumprir co requisito dos 175 días lectivos que establece a normativa estatal. Por este motivo e para poder cadrar as posibles festividadeas autonómicas, a suma total dos días lectivos ascende a 177 días.

En relación co calendario escolar, afirmar que desde ANPE Galicia botamos en falta no proxecto da Orde referencias á previsión sanitaria e organizativa aínda que a Administración insista en que non encaixa dentro da orde. Para ANPE Galicia o encaixe e a afectación da situación sanitaria no calendario escolar é clara. De feito a situación vivida no terceiro trimestre provocou modificacións importantes no calendario escolar de dito trimestre.

ANPE-Galicia considera que se debe analizar, de xeito urxente, a situación actual do noso sistema educativo e as medidas a adoptar de cara ao curso 2020-2021 como consecuencia do COVID-19. Desde ANPE pensamos que se debe planificar o vindeiro curso desde tres posibles escenarios:

- FAVORABLE, de “normalidade con medidas de prevención”, no que se incorpore todo o alumnado ás clases presenciais en setembro con algunhas medidas sanitarias, de hixiene, organización, diminución de rateos, incremento de profesorado....
- DE RISCO MEDIO, que implicaría o regreso ás aulas do alumnado, gardando a distancia social que se determine, extremando as medidas e adaptándoas a medidas de risco controlado.
- DE RISCO EXTREMO, o máis desfavorable sería que ao longo do curso se producise un rebrote do virus, o que podería implicar unha nova suspensión temporal das clases presenciais.

ANPE-GALICIA plantexa neste sentido as súas propostas para o curso escolar 2020-2021:

- 1. A elaboración de protocolos de seguridade sanitaria** exclusivos para o ámbito educativo, por etapas, que inclúa a **regulación específica das condicións de acceso aos centros**, así como a adaptación do uso das áreas comúns –bibliotecas, corredores, patios, comedores escolares, etc. – e **os recursos adecuados en materia de prevención**, coas condicións de seguridade e hixiene máximas, realizados e supervisados por profesionais especializados en Prevención de Riscos
- 2. Un Plan Autonómico de dixitalización educativa, que garanta un correcto ensino en liña, se a situación así o aconsellara, dotando de soporte informático e conexión gratuíta a todos: alumnado e docentes.**
- 3. Un incremento substancial das plantillas** dos centros educativos, que no só permita desdobrar aulas, en caso de ser necesario para manter a distancia de seguridade, senón tamén, para apoiar a alumnado e docentes nas tarefas de reforzo de contidos non impartidos durante o terceiro trimestre do presente curso. Persoal administrativo en todos os centros, **afrontado á vez unha drástica redución da inútil burocracia que invade o noso quefacer diario.**

4. Unha nova regulación normativa para os docentes en referencia a funcións, xornada, recoñecemento de dereitos e obrigas, en caso de continuidade da alerta sanitaria no curso 2020-2021, así como, unha revisión dos protocolos de actuación que afecten aos colectivos de risco.
5. A elaboración de directrices básicas de organización de grupos e horarios de alumnado, comúns para todos os centros da mesma etapa, nun escenario de distanciamento social que, respectando a autonomía dos centros, non deixe toda a responsabilidade en mans dos equipos directivos.
6. A aplicación de todas as adaptacións curriculares e metodolóxicas necesarias.
7. Protocolos e medidas de apoio psicolóxico e emocional para o alumnado, se fosen necesarias, en especial para os de máis corta idade.
8. A creación dunha Comisión específica, formada pola Administración educativa, a sanitaria e representantes do profesorado, para o establecemento, a avaliación e a adaptación á nova realidade.
9. Elaboración dun plan de formación específico que permita ao profesorado galego afrontar un curso 20/21 coas mellores garantías metodolóxicas, técnicas e curriculares que permitan encarar do mellor xeito posible situacións educativas como as vividas neste último trimestre.

ANPE-GALICIA é consciente de que aínda se descoñece o escenario que atoparemos no mes de setembro, pero comparte a necesidade de empezar a traballar xa en todas as posibilidades, coa finalidade de iniciar o curso coas maiores garantías.

Desde ANPE optamos pola modalidade presencial exclusivamente, sempre que se garantan as condicións de seguridade para o alumnado, o profesorado e as familias.

Feitas todas estas achegas específicas sobre a posible situación sanitaria en relación ao comezo do vindeiro curso escolar desde ANPE Galicia queremos entrar máis especificamente sobre aspectos relativos ao proxecto de borrador de orde de calendario escolar presentado pola Administración.

Sabemos que faltan por encaixar dous días de festividades autonómicas pero desde ANPE Galicia prevemos que, mantendo a tendencia dos últimos anos, un deles será o 24 de xuño que non afectaría ao calendario escolar. Segundo as nosas contas o proxecto de orde contempla 178 días lectivos (71 no primeiro trimestre, 52 no segundo e 55 no terceiro). Desde ANPE Galicia consideramos que o noso calendario escolar está por riba da media europea en canto a días lectivos polo que propoñemos retrasar un día o comezo do curso escolar tanto en infantil e primaria como no resto de ensinanzas. A nosa proposta, polo tanto, sería comezar o curso escolar o día 11 de setembro en infantil e primaria e o 17 no resto de ensinanzas. Tamén propoñemos que as vacacións de nadal inclúan o día 8 de xaneiro. Polo tanto demandamos que o día 8 de xaneiro se considere non lectivo no calendario escolar.

Desde ANPE Galicia consideramos que no propio título da Orde debería haber modificacións. Debería incluír a **todos os centros docentes** e non soamente aos centros sostidos con fondos públicos. ANPE Galicia considera que os centros privados deberían estar suxeitos e obrigados a cumprir o mesmo calendario escolar que o resto dos centros da comunidade. **A Administración resposta que cumpre o establecido na normativa.**

Trasladamos a petición, realizada desde os equipos directivos, de que os primeiros días do vindeiro curso non sexan días de actividade lectiva normal e se empreguen para dar información organizativa e de medidas de hixiene e contención ao alumnado e aos traballadores dos centros.

Vemos complicado, e así nolo trasladan desde os centros afectados, que se poidan manter os días de inicio de actividades lectivas establecidos no calendario escolar nas Escolas Oficiais de Idiomas e Centros de Ensinanzas de Réxime Especial. **A Administración resposta que dará instrucións chegado o momento aos centros que se poidan ver afectados por probas de certificación ou por cuestións administrativas**

de matriculación. Desde ANPE Galicia solicitamos que se inclúa na orde unha referencia a esas futuras instrucións. **A Administración resposta que non o van incluír no texto xa que non todos os centros estarán afectados.**

No artigo 4, ANPE Galicia demanda que se inclúa algunha referencia á situación sanitaria derivada do COVID-19 á hora de falar do funcionamento dos comedores escolares.

En relación ao artigo 6, insistimos desde ANPE Galicia, na nosa proposta de que o curso se inicie en infantil e primaria o día 11 de setembro e no resto de ensinanzas o día 17 e que se considere como día non lectivo o día 8 de xaneiro.

No artigo 10 ANPE Galicia solicita a volta ao horario reducido de xuño e setembro, en ningún caso, o horario dos centros ten que estar condicionado polo horario do transporte escolar. **A Administración non acepta estas propostas.**

Solicitamos a unificación dos apartados 11.1 e 12.4.3.

No artigo 13, ANPE Galicia demanda que a verificación das actas de avaliación se poida facer a través do propio XADE e que se elimine a obriga de ter que imprimir e asinar as actas. Solicitamos que se inclúa no XADE algún mecanismo de sinatura e verificación electrónica. **A Administración resposta que consultará co AMTEGA sobre a posibilidade técnica de poder facelo.**

Na adicional segunda, ANPE Galicia solicita que se poida prorrogar o período de adaptación máis aló dos tres días establecidos ata finais do mes de setembro. **A Administración resposta que o valorará e o estudará de cara a incluílo de xeito excepcional para o vindeiro curso.**

Desde ANPE Galicia, e tendo en conta a desaparición dos ciclos, non vemos o encaixe da adicional 4ª dentro da Orde do Calendario Escolar. **En calquera caso, se se quere encaixar aquí demandamos que se teña en conta, tanto administrativa como economicamente, a “coordinación de ciclo” que pese a non existir como tal, o traballo estase a realizar de facto.**

Por último, consideramos que non se pode realizar a adscripción funcional do profesorado sen que todo o profesorado (interinos e substitutos incluídos) poidan asistir ao claustro. Polo tanto solicitamos que se inclúa unha adicional no texto do proxecto de Orde que recolla esta petición.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS

- Desde ANPE Galicia demandamos a creación dun grupo de traballo para abordar de xeito profundo e serio o vindeiro curso escolar.
- Solicitamos que se nos informe de cando será a convocatoria de cátedras e do CADP.
- En relación ás dispensas de asistencia a actividades lectivas presenciais para profesorado en risco ou con conciliación, desde a Administración a moitos se lles está a informar de que rematado o Estado de Alarma remata dita dispensa cando aínda non se pronunciou a inspección médica en moitos dos casos. Desde ANPE Galicia consideramos que dita dispensa debe continuar.
- Desde ANPE Galicia criticamos o importante recorte en número de horas de docencia que se prevé para os auxiliares de conversa o vindeiro curso.

- **Denunciamos de novo a aumento considerable da burocracia nos centros educativos.** Todo o profesorado ten a obriga de cubrir o informe AL035 individualizado por cada alumno e por cada especialidade. Desde ANPE consideramos que o informe debería estar cuberto polo titor/titora coas achegas realizadas polo profesorado que imparte cada materia e non un por cada profesor/a. **A Administración resposta que é un documento guía e aberto para que o titor/a o cubra coa información do restante profesorado. Unha ou dúas follas por materia non máis. Será todo o extenso que determine o profesor responsable de cubri-lo. Pódese tamén cubrir agrupando especialidades. O importante é que recollan todas as medidas necesarias de cara ao vindeiro curso.**
- Denunciamos os problemas derivados das diferentes interpretacións que fan desde as inspeccións educativas da orde de prorroga dos equipos directivos (problemas que xa anticipamos na Mesa Sectorial na que se tratou dita prorroga). Hai inspeccións que obrigan a vicedireccións, xefaturas de estudos a ampliar a súa comisión de servizos cando xa obtiveron destino no concurso de traslados. Solicitamos unha aclaración ao respecto e, sobre todo, unificación de criterios de actuación.
- Denunciamos que o profesorado ten que realizar tarefas de limpeza do material educativo e dos centros educativos que non son da súa competencia.
- Denunciamos a situación da ESENGRA de Ferrol onde se obriga ao profesorado a retomar as actividades lectivas presenciais. **A Administración elude a súa responsabilidade e pásalle a pelota á inspección central do Estado.** ANPE Galicia recorda que é profesorado posto pola Consellería e suxeito aos dereitos de deberes establecidos para o resto do profesorado galego.
- Solicitamos información sobre se está solucionada ou non a problemática derivada do envío de cualificacións a través do servizo Abalar Móbil xa que non deixa constancia de se hai promoción ou non, de notas medias, etc. **A Administración resposta que o estudarán técnicamente.**
- Solicitamos que se nos informe das medidas que se van tomar o vindeiro curso co profesorado específico (AL, PT, ciclos formativos específicos) que pola súas características metodolóxicas non van poder manter unhas medidas de distanciamento co seu alumnado.
- Solicitamos información sobre se o profesorado do programa Inlue-T remata o seu contrato o día 30 de xuño como o dos restantes contratos-programas ou se mantén ata o día 15 de setembro como estaba establecido inicialmente. **A Administración mirará como está o tema pero non pode dar unha resposta neste momento aínda que afirma que non variará o que estaba establecido nos contratos.**
- Solicitamos tamén información sobre o que vai a suceder coas licenzas de formación que foron suspendidas no terceiro trimestre do actual curso escolar.
- Denunciamos os problemas que están xurdindo para a obtención da chave365 para poder matricularse nos procesos selectivos. Hai CIFP que non teñen novas aínda a data de hoxe de como proceder cando o prazo remata dentro de 3 días. A Administración debe dar unha solución a esta problemática para que tod@s os afectad@s poidan matricularse. Se é necesario debe ampliarse o prazo de matriculación.
- Para finalizar demandamos un plan ambicioso de dixitalización do ensino galego, de regulación normativa do teletraballo e de formación do profesorado nestes temas.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 15:15 horas.